


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

19 - 20 de marzo do 2022

### III SEMANA DO TEMPO DA CORESMA



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor* estrofa 1

### Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Na parábola do evanxeo de hoxe Xesús cóntanos como un home vai buscar figos á súa figueira e non atopa ningún. Por iso manda que a corten, pero o xornaleiro pídelle ao dono que espere outro ano máis.

Nós somos esa figueira, e cada ano, no tempo da coresma, Deus ven buscar os nosos froitos, e moitas veces tampouco os atopa. A nosa comodidade lévanos a vivir na rutina, no deixarnos ir e no non se pode facer. Esta tentación que todos temos lévanos a non esforzarnos por intentar seguir o camiño de Xesús.

Deus é paciente, é misericordioso, grande en perdón e agarimo para con todos. El volve cada ano en busca dos nosos froitos de humanidade. Por iso fuxindo das rutinas temos que facer algo máis que falar e acomodarnos.

Deixemos atrás as rutinas e deamos o froito que o Pai espera de nós, que os demais esperan de nós, e que a natureza espera de nós. A vida sempre é tempo para dar froito.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Xesús móstranos un Deus paciente cos nosos erros, un Pai que quere que nós vivamos o perdón e o amor aos nosos irmáns. Por iso agora pómonos nas mans misericordiosas do Pai, e perdoámonos uns a outros. Xuntos rezámoslle:*

*Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogedes por min a Deus, noso Pai.*

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que están a sufrir os desastres dunha guerra inxusta. A todos, o Señor, nos conceda o seu perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe doídos con todo o que segue pasando coa guerra de Rusia contra Ucrania.*

## **Celebrante:**

Deus, Noso Pai,  
celebramos un ano máis os días de coresma coa mirada posta na Pascua do teu Fillo. Concédenos que as vivenzas destes días sirvan para facer minguar as sedes de perdón de tantos homes e mulleres necesitados de xustiza, cariño e compañía.

Axúdanos a arrincar da nosa fe as rutinas tecendo a vida na nova oportunidade que cada día nos dá para dar froito.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *San Paulo quere que os de Corinto, coñecendo o que viviron os seus maiores, aprendan o que teñen que facer para agradar a Deus.*

*No Evanxeo, coa parábola da figueira, Xesús móstranos un Deus paciente, capaz de esperar a que deixemos de lado as nosas rutinas e nos esforcemos por DAR FROITO. O evanxeo de hoxe é unha nova oportunidade para FACER MÁIS QUE FALAR.*

Leccionario I-C páx 66 **1 Cor 10 1-6,10-12** LECTURA

## LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Non quero, irmáns, que ignoredes que os nosos pais estiveron todos baixo a nube; que todos pasaron polo medio do mar; que, na nube e no mar, todos recibiron o bautismo de Moisés; que todos comeron o mesmo alimento espiritual -pois bebían da pedra espiritual que os acompañaba: e esa pedra era Cristo-. Pero, con todo, a maior parte deles non lle agradou a Deus, xa que ficaron estrados polo deserto.

Isto sucedeu coma un exemplo para nós, a fin de que non teñamos desexos do mal, coma eles os tiveron.

Nin murmuredes, coma algúns deles e pereceron vítimas do Exterminador.

Isto sucedeulle a eles coma exemplo, pero escribiuse para o noso escarmento: para nós. ¡De xeito que o que crea estar de pé, teña coidado de non caer!.

### Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida SALMO*

(en pé) *Leccionario I C páx 68 Lc 13, 1-9 EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela presentáronse algúns para contarlle a Xesús o caso aquel de cando Pilato mesturara o sangue duns galileos co dos sacrificios que ofrecían.

El respondeulles:

- Coidades que eses galileos eran máis pecadores que os demais, porque acabaron así? Non tal, e asegúrovos que como non vos arrepiñades acabades todos igual. Seica pensades que aqueles dezaioito que morreron esmagados pola torre de Siloé eran máis culpables que os outros habitantes de Xerusalén? Non tal, e asegúrovos que, se non vos arrepiñades, todos acabaredes igual.

E púxolles esta parábola:

- Un home tiña unha figueira plantada na súa viña; foi ver se tiña froitos e non llos atopou. Díxolle ao xornaleiro: "Xa hai tres anos que veño buscar froito nesta figueira e non llo atopo. Córtaa, para que vai cansar máis a terra?"

El respondeulle:

"Señor, déixaa aínda un ano máis; vou ver se eu lle cavo un pouco arredor e lle boto esterco; a ver se así dá froito...; e, onde non, pódela cortar".

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que nos propomos nesta terceira  
semana da Coesma  
con “dona coesma”?

Con ela seguimos descubriendo que hai  
 cousas que necesitamos arrincar na nosa  
 vida, porque non todo vale.

Nestas pasadas semanas de coesma  
 arrincámoslle a perna da tentación de  
 ter e a da comodidade. Tamén  
 cosíamos o remendo do DIÁLOGO E A

PAZ e o do ESFORZO E A LOITA.

Hoxe arrincámoslle á nosa dona coesma esta terceira perna.  
(Arrincamos a perna da 3ª coesma). É a perna da tentación do  
 deixarnos ir, do “nada se pode facer”. A tentación de vivir de  
 rutina e con rutinas.

Porqué esta perna?, porque no evanxeo Xesús puña o  
 exemplo da figueira que un ano e outro non daba froito. A  
 rutina do deixarse ir, do de sempre o mesmo. Acaso isto non  
 nos está pasando na fe?, !canta rutina e cantas rutinas;

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de  
 vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado  
 na perna que lle arrincamos á nosa “dona coesma”, colgamos  
 a perna na pinza, e pegamos o remendo no mandil da vella).  
 Acabamos de coser no mandil da dona coesma a actitude do  
 DAR FROITO, FACER MÁIS QUE FALAR.

Temos arrincado algo que nos sobra, a tentación de vivir con  
 rutina e cheos de rutinas, e temos cosido un novo remendo,  
 porque mellor irá a vida se a cosemos DANDO FROITO E  
 FACENDO MÁIS QUE FALANDO.

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante:* Neste encontro parroquial melloramos a  
 vida dando froitos, facendo máis que falando, por iso  
 agora fuximos das rutinas para compartir o credo do  
 día de hoxe. Dicimos

**SI CREEMOS**

*Monitor/a:*

Credes en Deus, Pai e Nai,  
 que cada día nos dá unha nova oportunidade,  
 e nos axuda a arrincar o que sobra na nosa vida?

**SI CREEMOS**

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,  
 que nos convida a dar froito  
 facendo máis que falando?

**SI CREEMOS**

Credes no Espírito Santo,  
 que nos alenta para vencer a tentación das rutinas,  
 sendo exemplo de que con esforzo e loita,  
 podemos dar froitos para refacer os camiños da paz?.

**SI CREEMOS**

Credes na igrexa,  
 a comunidade dos homes e mulleres  
 que queremos facer nosa a PASCUA de Xesús,  
 e por iso escandalizados non podemos entender,  
 nin esta, nin ningunha guerra?

**SI CREEMOS**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes das nosas rutinas, necesitados de facer máis que de falar, e confiándonos ás súas mans cheas de agarimo. Digámoslle*

**PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS**

**Monitor/a:**

- ✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por cada cristián, para que vivamos a coesma como tempo de DAR FROITO. Oremos
- ✓ Polas xentes de Ucraia que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha guerra que nos escandaliza e que non podemos entender. Oremos
- ✓ Polas persoas que no día a día dan froitos que melloran a vida, así dannos tamén bo exemplo para nós facelo mellor. Oremos
- ✓ Pola Igrexa, para que nunca cale os abusos, e para que denuncie e condene con xustiza a quen se aproveita e se aproveitou da propia igrexa para abusar. Oremos
- ✓ Polas mulleres, para que nos esforzos e nas loitas pola igualdade, nos sintamos todos implicados, e non nos contentemos co “sempre foi así”. Oremos

**Celebrante:** *Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para chegar da coesma á Pascua. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Imos rezar dicindo: “veña a nós o teu Reino”, pero sabendo que Deus conta coas nosas mans para construílo. O Reino é seu, pero facelo é cousa nosa, somos nós os que temos que dar froitos. Xesús ensínanolo co conta da figueira. Recemos sen rutina, conscientes da paz que necesitamos refacer:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Díxonos San Paulo na carta de hoxe: “o que crea estar de pé teña coidado de non caer”. Nós tropezamos con demasiadas rutinas, nós tropezamos co “nada pode cambiar”, “todo dá igual”.*

*Non podemos ser o de sempre porque co “sempre foi así” nunca daremos froito, e nós queremos dalo.*

### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Participar nesta celebración de hoxe é vivir fuxindo das rutinas, é DAR FROITO para un mundo mellor con Xesús á nosa beira e da nosa parte. Ditosos, benaventurados nós, convidados a este pan do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

 *nº 42 Quen nos vai separar de Ti?*

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

###### *Celebrante:*

Señor, noso Pai, dámosche grazas porque ao celebrar cada semana a fe coesmal aliméntanos co pan da vida, que enche a nosa fe, fai medrar a esperanza e enfortece a nosa caridade.

Hoxe, que facemos e damos froito do evanxeo, axúdanos a esperarmos cun corazón sen rutinas a celebración da Pascua, que deu sentido á súa vida e enche as nosas. Pedímoscho por Cristo, noso irmán e Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

*Con Xesús quixemos arrincar o que non nos deixa camiñar con dignidade. Quixemos deixar atrás as rutinas, para coser a nosa vida en DAR FROITO, FACER MÁIS QUE FALAR.*

*Con Xesús queremos mellorar o mundo e queremos dar pasos de Coesma para chegar á PASCUA, resucitando a unha vida nova de amor, xustiza e paz. E ENTÓN ESTAREMOS SENDO XENTE DE BEN.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa coesma e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*



“Na vida arrincamos as rutinas  
e cosemos o

**DAR FROITO, FACER MÁIS QUE FALAR”**

*Recordamos a campaña de recaudar cartos para a axuda a Ucrania e as súas xentes. É unha campaña que facemos con cáritas de toda a diocese, e que a través de cáritas internacional se colaborará coas cáritas de Ucrania e dos países dos arredores.*

*Levemos a nota explicativa para facer a aportación a través do banco. Tamén facilitamos que se poida traer á igrexa nos días de misa para recollérono os párrocos.*

*Sería bo levarlle esta nota tamén aos veciños e veciñas que hoxe non están aquí.*